

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 22/09/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 22/09/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Lista de non asistentes

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 15 de setembro de 2025, que se aprobou por unanimidade.

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍNA COUSO

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/3609

Dáse conta da solicitude con número de rexistro 2025008560 (RE-617/25), de data 09/06/2025, presentada por Ramón TORRADO PÉREZ, con relación ao estado das interseccións de Avenida de Cornazo (PO-301), coas rúas Revelle e Illa de Ons.

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica que, realizada inspección pola Policía Local no lugar compróbase que recentemente se instalaron pivotes antes dun paso de peóns existente fronte ao número 39, para evitar estacionamentos de vehículos que puidesen dificultar a visibilidade do paso de peóns, así mesmo instalouse sinalización de estacionamento (S-17) coa lenda "So Turismo" e posterior a esta praza outros pivotes, para facilitar a visibilidade da intersección con Rúa Revelle, tamén existe neste punto un espello para mellorar a visibilidade.

Así mesmo indican que a sinalización horizontal (marcas viarias) de paso de peóns na confluencia de Rúa Illa de Ons con Avenida de Cornazo, está moi deteriorada, sendo necesario o seu repintado, así como a zona cebreada existente antes do cruzamento, onde tamén é conveniente a instalación de pivotes para evitar de forma eficiente o estacionamento de vehículos que dificulten a visibilidade do paso de peóns.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda ao repintado da zona deteriorada, así como á colocación de pivotes, de conformidade co informe da Policía Local.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Álvaro).

PRP2025/3657

Dáse conta do escrito presentado por Dona Juana Suarez Loureiro, solicitando a colocación dun badén á altura do nº 25-27 da Rúa O Vento- Castrogudín.

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica:

Que inspeccionado o lugar pódese comprobar que se trata dun tramo de vía urbana en pendente cun tramo curvo no cal a instalación dun lombo redutor da velocidade crearía un risco para a circulación do tráfico.

Que a vivenda nº25 de rúa O Vento ten beirarrúa elevada na fachada para a circulación de peóns.

Que a vía non é de titularidade municipal polo que calquera cambio na mesma deberase solicitar na administración competente, sendo neste caso Consellería de Vivenda e Planificación de

Infraestruturas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/3658

Dáse conta de escrito presentado por D. José Manuel Gómez Vilas, solicitando que se reforce o vao permanente ampliando a prohibición de estacionar a ambos lados do mesmo, á altura do nº 41, da Avda. de Pontevedra.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que inspeccionado o lugar pódese comprobar que os vaos están correctamente sinalizados cunha liña lonxitudinal amarela de cinco metros de lonxitude suficientes para a saída e entrada de vehículos.

Infórmase ao solicitante que deberá encargarse do mantemento do estado da pintura que sinalizan os vaos.

Calquera incidencia que teña polo estacionamento indebido nos ditos vaos deberá comunicalo a Policía Local de Vilagarcía de Arousa para que retiren os vehículos que impidan facer uso do mesmo de ser o caso.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/3678

Dáse conta de escrito presentado pola Asociación de Veciños Afoghacristos de Carril, solicitando autorización para recollida de sinaturas (de apoio a Palestina) na Praza da Liberdade de Carril, o día 21 de setembro de 2025.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/3688

Dáse conta de escrito presentado por D. Adrian Santorum Rey, en representación de Santorum Gongal SL, solicitando autorización para organizar un evento benéfico na Rúa Camilo José Cela, o día 21 de setembro de 2025, con música en vivo, para colaborar coa recadación de fondos para a Festa de San Xoán das Pistas, en horario de 11:00 a 18:00 horas.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/3689

Dáse conta do escrito presentado por Asociación TDAH Salnés, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Rúa Castelao 13, o día 4 de outubro de 2025, en horario de 11:00 a 13:00 horas, para a realización dunha xornada de portas abertas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/3697

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por PEYCAR PONTEVEDRA SL para

subministro de vestiario e EPIs para o persoal da brigada de prevención e extinción de incendios forestais (4 traballadores: 1 capataz, 1 peón condutor e 2 peóns), por un importe total de 4.324,54 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/3708

Dáse conta do escrito presentado por D. Oscar Rey Muñiz, solicitando que de forma urxente se elimine a vexetación e se proceda ao posterior dragado do tramo do Río do Con dende a rotonda situada na Avda. Rodrigo de Mendoza que sinaliza cara A Laxe e a academia de Ingles (Fonte da Coca).

A Xunta de Goberno local queda sabedora e acorda solicitar a Augas de Galicia que leve cabo os traballos citados no Río do Con, na zona indicada.

PRP2025/3629

Vista a Proposta da Fundación de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obrigación a favor de Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, polo importe de 200.000,00 €, correspondente á aportación do Concello para o sostemento dos gastos da Fundación do ano 2025, con cargo á partida 342.410.

PRP2025/3747

Dáse conta da solicitude de Discovery Producciones, S.L. para cambio de data da Feria Gastronómica Burguer Experience coa montaxe de diversos Food Trucks, que foi autorizada pola Xunta de Goberno Local de data 8 de setembro de 2025, para os días 18 ao 21 de setembro de 2025 no Parque da Xunqueira, e que non puido levarse a cabo, polo que solicita a súa realización do 2 ao 5 de outubro de 2025, no mesmo lugar.

Visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o cambio de data para a celebración de dito evento no Parque da Xunqueira, debendo axustarse ás mesmas condicións que se indicaban no citado acordo, e que son as seguintes:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2025/3699

En relación ao gasto a asumir polo Concello relativo á atención educativa e comedor dos nenos/as da Escola Infantil Municipal do mes de agosto 2025.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local das seguintes contías:

a. Custe derivado da aplicación das bonificacións do Decreto 49/2012 de réxime de prezos das escolas infantís 0-3 a asumir polo Concello en concepto de :

i. Atención educativa: 5.497,80 €

ii. Comedor: 2.172,46€

2.- Inclúese o custo das tres prazas non ocupadas e dispoñibles para servizos sociais.

3.- Na facturación do mes de agosto de 2025, hai que regularizar o pago de atención educativa que se descontou no mes de xaneiro por erro da familia, exp. cividas SS/2024/000729 (M.R.E): 169,26€ de atención educativa.

4.- No mes de agosto corresponde aboar ás familias a cota de atención educativa non asumida pola Xunta de Galicia de acordo coa Orde do 9 de Agosto de 2024 en concepto de atención educativa.

5.- Polo tanto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o pago a favor da Escola Infantil Municipal, Bonecos Vilagarcía, S.L. con C.I.F. nº B 94065661, en concepto de bonificación municipal pola atención educativa e comedor e gratuidade da atención educativa para as familias :

Total a transferir á Escola Infantil Municipal do mes de AGOSTO 2025€: 7.839,52€, con cargo á partida 323.48007.

PRP2025/3701

Ao abeiro da resolución de concesión da axuda para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal expdte- BS420D-24-00079, a Xunta de Goberno Local acordou 10/03/2025 e 21/07/2025 con cargo á subvención da Xunta de Galicia para o mantemento da Escola Infantil Municipal transferir a BONECOS S.L. os importes do déficit de setembro a xuño por importe total de 52.032,70 euros.

Tendo en conta o déficit do mes de xullo e a estimación do déficit do mes de agosto coa asistencia dun menor número de menores, prevese que o déficit de Bonecos S.L para os meses de xullo e agosto será de 12.796,05 euros (mes de xullo 8.686,19 euros e mes de agosto 4.109,88 euros).

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, con cargo á subvención da Xunta de Galicia para o mantemento da Escola Infantil Municipal, acorda:

- Aboar a BONECOS S.L. o importe do déficit dos meses de xullo e agosto que ascende a contía de 12.796,05 euros, con cargo á partida 323.48007, coa finalidade de destinar a citada subvención da Xunta de Galicia ao mantemento da Escola Infantil, tal e como se dispuxo no seu día, e estar esta subvención dedicada ao mantemento da Escola Infantil, e deste xeito dar cumprimento ás esixencias da subvención.

PRP2025/3702

Vista a proposta dos Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o borrador do convenio para a concesión directa de subvención nominativa 2025 que figura nos orzamentos prorrogados da anualidade 2024:

Entidade: Solidaridade Galega co Pobo Saharaui (SOGAPS)

Importe: 3.000,00 €

Concepto: o desenvolvemento do programa “Vacacións en Paz” durante o ano 2025.

Con cargo á partida 231-48002 (1.500,00 €)

Con cargo á partida 320-48002 (1.500,00 €)

PROXECTO PLAN CONCERTADO 2025/3/CRRTE/1/1.

PRP2025/3706

En base ao informe emitido pola Traballadora Social, e vista a proposta dos Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda, aprobar o RECOÑECIMIENTO DA OBRIGA a favor do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, en concepto de aportación do 26,67% do custo do servizo correspondente aos meses de abril, maio e xuño de 2025 do Programa Xantar na casa.

-Total a transferir: 4480,06€, con cargo á partida 231.22611.

EMPREGO

PRP2025/3679

Dáse conta da Resolución de 14 de setembro de 2025 da Secretaría de Estado de Turismo, remitida ao Concello, vía mail, o 16 de setembro de 2025, modificadora da Resolución de 14 de setembro de 2022 pola que se concede ao Concello de Vilagarcía una subvención directa por contía de 2.490.852,00 € dentro do Plan de Sostenibilidade Turística en Destino.

A resolución modificadora resolve:

Autorizar la modificación sustancial del Plan de Sostenibilidad Turística en Destino del Concello de Vilagarcía de Arousa, así como la ampliación de plazos de ejecución y justificación.

La resolución queda redactada en los siguientes términos:

“Tercero. Plazo de ejecución.

Tal y como establece el artículo 6 del Real Decreto 635/2025 de 15 de julio de 2025, el plazo de ejecución de las actuaciones subvencionables se amplía hasta el 30 de mayo de 2026 y la realización de las actuaciones deberá estar justificada con fecha límite el 30 de junio de 2026”.

ANEXO

Serán subvencionables las siguientes actuaciones (que se llevarán a cabo dentro del correspondiente eje de actuación) detallándose los importes y anualidades:

Plan de Sostenibilidad Turística en Destino “PSTD Concello de Vilagarcía de Arousa”.

Ejes de actuación (Según convenio)	Actuaciones	Presupuesto			
EJE DE 1 ACTUACIÓN 1	Restauración ambiental de enlace Vía Verde para prox. Enlace a ciclovía Total EJE ACTUACION 1	350.000,00 € 350.000,00 €			
EJE DE 3 ACTUACIÓN 2	Renovación de alumbrado en paseo peatonal de playas, espacios de ocio y parques en Camino de Santiago y áreas Ciclovías Total EJE ACTUACIÓN 2	529.000,00 € 529.000,00 €			
	Total EJE ACTUACIÓN 2	529.000,00 €			
EJE DE 5 ACTUACIÓN 3	Desarrollo de una app y contenidos multimedia. Oficina de turismo digital e inteligente (smart CRV) Total EJE ACTUACIÓN 3	45.000,00 € 269.000,00 € 314.000,00 €	EJE DE 8 ACTUACIÓN 4	Acondicionamiento de parkings disuasorios en colaboración con el sector Acondicionamiento para uso turístico de parcela O Ramal 6,800m2 Oficina técnica para asesoramiento durante el proceso de elaboración, ejecución y gestión de la estrategia Total EJE ACTUACIÓN 4	48.383,29 € 1.158.294,00 € 91.174,71 € 1.297.852,00 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora da modificación da Resolución de 14 de setembro de 2022 pola que se concede ao Concello de Vilagarcía una subvención directa por contía de 2.490.852,00 € dentro do Plan de Sostenibilidade Turística en Destino, nos termos anteditos.

PRP2025/3680

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2025, presentada por VEIGA DA LUAIRA SOCIEDAD LIMITADA NIF. B13948146 con domicilio Calle LOUREIRO- TRABANCA SARDIÑEIRA N°: 7, infórmase que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria, correspondéndolle a seguinte puntuación segundo o baremo aplicable (Base Quinta):

CRITERIO	PUNTOS
Contrato traballador menor de 30 anos	2
Centro de traballo en Vilagarcía de Arousa	1
Empresa menos de 3 anos de antigüidade	2
T O T A L PUNTOS	5
SUBVENCIÓN ACADADA	3.000,00 €

Examinada a documentación presentada, considérase acreditado que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, polo que a Xunta de Goberno Local acorda conceder a subvención solicitada por VEIGA DA LUAIRA SOCIEDAD LIMITADA NIF. B13948146, procedendo ao recoñecemento da obriga e ao

aboamento da axuda solicitada, por contía de TRES MIL EUROS (3.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestana do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL).

PRP2025/3681

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2025, presentada por MF ASESORES CONSULTING INTEGRAL VILLAGARCIA SL NIF. B36596641 con domicilio Calle BALDOSA N°: 13 36600 Vilagarcía, infórmase que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria, correspondéndolle a seguinte puntuación segundo o baremo aplicable (Base Quinta):

CRITERIO	PUNTOS
Contrato traballador menor de 30 anos	2
Centro de traballo en Vilagarcía de Arousa	1
Empresa Empresa entre 3 e 10 anos de antigüidade ou entre 10 e 50 traballadores	2
T O T A L PUNTOS	5
SUBVENCIÓN ACADADA	3.000,00 €

Examinada a documentación presentada, considérase acreditado que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, polo que procede que pola XGL se acorde conceder a subvención solicitada por MF ASESORES CONSULTING INTEGRAL VILLAGARCIA SL NIF. B36596641, procedendo ao recoñecemento da obriga e ao aboamento da axuda solicitada, por contía de TRES MIL EUROS (3.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestana do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL).

PRP2025/3682

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2025, presentada por XIAOWEI WU, NIF: Y5037647V, e domicilio en Avenida Rodrigo de Mendoza N°: 65 Lt: Esc: 5 Pt: b, P: 36600 Pontevedra (Pontevedra), mail: laboral@agepri.es, infórmase:

- Que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2025.
- Que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, e por tanto procede a concesión da axuda solicitada.

Consecuentemente, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a subvención e o recoñecemento de obriga e aboamento a XIAOWEI WU, NIF: Y5037647V, da cantidade de DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2.500,00€), con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestana do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL).

PRP2025/3683

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2025, presentada por TAMARA ARGIBAY RODRIGUEZ, NIF: 35600334Z, e domicilio en Calle SANTA CATALINA, GODOS N°: 20, mail: tamarargibay13@gmail.com, infórmase:

- Que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2025.
- Que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, e, por tanto procede a concesión da axuda solicitada.

Consecuentemente, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a subvención e o recoñecemento de obriga e aboamento a TAMARA ARGIBAY RODRIGUEZ, NIF: 35600334Z, da cantidade de DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2.500,00€), con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestana do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL).

PRP2025/3684

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2025, presentada por HOSTELVEN SOCIEDAD CIVIL, NIF: J75533877, e domicilio en Avenida RODRIGO DE MENDOZA Nº: 8 Lt: Esc: BJ Pt: - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600 (Pontevedra) - España, mail:mezclum.vilagarcia@gmail.com, infórmase:

- Que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2025.
- Que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, e, por tanto procede a concesión da axuda solicitada.

Consecuentemente, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a subvención e o recoñecemento de obriga e aboamento a HOSTELVEN SOCIEDAD CIVIL, NIF: J75533877, da cantidade de DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2.500,00€), con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestana do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL).

PRP2025/3685

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2025, presentada por ANTONIO-FRANCISCO CASTELO SANCHEZ, NIF: 53303828V, e domicilio en Rúa BALDOSA Nº: 12 4 Pt: A - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600 Vilagarcia de Arousa, mail: sttutgartautomocion@gmail.com, infórmase:

- Que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2025.
- Que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, e, por tanto procede a concesión da axuda solicitada.

Consecuentemente, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a subvención e o recoñecemento de obriga e aboamento a ANTONIO-FRANCISCO CASTELO SANCHEZ, NIF: 53303828V, da cantidade de DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2.500,00€), con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestana do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL).

PRP2025/3686

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2025, presentada por ANDRES MANUEL POMBO CARRIL, NIF: 46914101N, e domicilio en Rúa Plaza INDEPENDENCIA Nº: 17 1 - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra), mail: laboral@mfasesoresconsulting.com, infórmase:

- Que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a

condición de beneficiaria do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2025.

- Que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, e, por tanto procede a concesión da axuda solicitada.

Consecuentemente, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a subvención e o recoñecemento de obriga e aboamento a ANDRES MANUEL POMBO CARRIL, NIF: 46914101N, da cantidade de DOUS MIL CENTO CORENTA E UN EUROS CON 50 CÉNTIMOS (2.141,50€), con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestana do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL).

PRP2025/3687

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2025, presentada por MILAGROS DIZ ROMA, NIF: 35473861H, e domicilio en Rúa BOSQUE DESAMPARADOS Nº: 8 Lt: D 1º Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), mail: cafeteriavenecia2025@gmail.com, infórmase:

- Que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2025.

- Que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, e, por tanto procede a concesión da axuda solicitada.

Consecuentemente, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a subvención e o recoñecemento de obriga e aboamento a MILAGROS DIZ ROMA, NIF: 35473861H, da cantidade de DOUS MIL TRESCIENTOS NOVE EUROS CON 85 CÉNTIMOS (2.309,85€), con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestana do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL).

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2025/3707

Na XGL do 21 de abril de 2025 deuse conta da Resolución positiva da Dirección Xeral de Loita Contra a Violencia de Xénero do 6 de marzo, pola que se acorda conceder unha subvención ao concello de Vilagarcía de Arousa destinada ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero.

Unha vez recibida dita resolución procedeuse a realizar a selección das mulleres a través do Centro de Información á Muller (CIM), tal e como establece a Instrución 5/2025 emitida pola Dirección Xeral de Loita Contra a Violencia de Xénero e a Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.

Dende o CIM do concello, unha vez seleccionadas as candidatas segundo os criterios establecidos para elo, enviáronse as comunicacións pertinentes á Secretaría Xeral de Igualdade informando sobre as mulleres seleccionadas para a comprobación do cumprimento dos requisitos.

O 05 de agosto recibíuse no Rexistro Xeral do concello o visto e praxe por parte da Secretaría Xeral para a contratación das mulleres propostas logo das comprobacións oportunas, polo que infórmase á Xunta de Goberno Local que deberá procederse á contratación das catro mulleres seleccionadas antes do 10 de outubro, tal como se recolle nas bases da convocatoria.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se procede á contratación das catro mulleres seleccionadas con data 1 de outubro de 2025, ata o 30 de setembro de 2026, de conformidade co indicado na Proposta da Área de Igualdade (Dúas operarias xardiñeiras e dúas operarias conserxes).

CONTRATACIÓN

PRP2025/3630

Pola empresa que actualmente presta o servizo de limpeza de edificios e instalacións dependentes do Concello de Vilagarcía de Arousa, CLECE S.A, remítese proposta para a prestación do devandito servizo do 1 de setembro de 2025 ata o 31 de agosto de 2026, cun incremento do 3,63% en base previsións de inflación contidas no informe do Banco de España (marzo 2025) sobre proxeccións macroeconómicas da economía española 2025-2027, que sitúa a inflación en un 2,5% para 2025 e un 1,7% para 2026.

Na actualidade a continuidade do servizo unicamente é posible durante 2 meses de 2025 (setembro e outubro).

A man de obra supón aproximadamente un 85% do custe do servizo. O convenio colectivo de aplicación é o Convenio Colectivo provincial de limpeza de edificios e locais da provincia de Pontevedra, que rematou a súa vixencia en decembro de 2022 e que foi denunciado na súa totalidade. No convenio indícase en canto á súa duración e vixencia que se entenderá tacitamente prorrogado por períodos anuais sempre que por calquera das partes non sexa denunciado cando menos con tres meses de antelación ao seu vencemento ou de calquera das súas prórrogas. Caso de non chegar a una negociación despois de realizada a denuncia, o texto do convenio quedará prorrogado, non así os conceptos salariais que aumentarán de acordo coa subida do IPC real.”

Actualmente estase a negociar un novo convenio colectivo de limpeza da provincia de Pontevedra, que no caso de non chegar a acordo, implicará que os salarios aumenten coa subida do IPC real.

A empresa remite a relación de instalacións (ver arquivo adxunto) onde actualmente se realiza a limpeza e no que se reflexa o seu custe mensual, que ascende a 121.380,30 € (con IVE). O custe anual do servizo ascende a 1.453.321,24 € (con IVE).

A necesidade de continuar coa prestación do servizo de limpeza en tanto no se adxudica o novo contrato, ven determinada por razóns de hixiene e salubridade pública, xa que a falta de limpeza nos edificios e instalacións que dependen do concello de Vilagarcía de Arousa (colexios, escolas infantís, auditorio, casa consistorial, instalacións deportivas, Fexdega, etc.) determinaría a imposibilidade de prestar os servizos públicos aos que están adscritos os mesmos co conseguinte perxuízo para os cidadáns.

Realizada a retención de crédito para garantir a suficiencia e adecuación do crédito orzamentario para a continuidade da prestación, no FPSDM e as distintas transferencias de crédito no orzamento municipal do Concello (no que se inclúe as instalacións de Fexdega) para o mesmo.

O edificio da fundación Fexdega, pertence a devandita Fundación Feiras e Exposicións de Galicia. A fundación réxese polo Padroado, sendo o seu Presidente o Alcalde do Concello de Vilagarcía de Arousa. Tanto o edificio como os terreos circundantes veñen sendo xestionados dende o Concello de Vilagarcía de Arousa e, destínase maioritariamente servizos municipais básicos, motivo polo que o Concello asume a súa conservación e mantemento, atopándose dentro destas obrigas, a limpeza das instalacións do recinto de Fexdega.

Polo anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar a continuidade da prestación dos servizos de limpeza das dependencia e instalacións municipais, colexios públicos, e recinto Fexdega, por parte da empresa CLECE S.A. para os meses de setembro e outubro de 2025 por importe de 215.241,30 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias que de seguido se relacionan para un prazo de dous meses de 2025:

APLICACION ORZAMENTARIA	COSTE DE 2 MESES DE 2025	PROXECTO
133-22700	815,08	
135-22700	1.099,00	
1530-22700	1.422,39	
1722-22700	5.704,31	
2311-22700	5.842,88	2025/3/CRRTE/2

241-22700	865,54	
320-22700	114.436,03	
323-22700	9.937,34	2025/3/CRRTR/1
3261-22700	3.820,10	
3262-22700	2.579,01	
3321-22700	12.655,37	
334-22700	19.766,80	
4312-22700	15.491,03	
432-22700	748,42	
459-22700	400,62	
920-22700	19.657,39	
TOTAL	215.241,30	

2.- Aprobar a continuidade da prestación dos servizos de limpeza das dependencia e instalacións deportivas (FUNDACIÓN DE DEPORTES), por parte da empresa CLECE S.A. para os meses de setembro e outubro de 2025 por importe de 27.519,29 € , con cargo á aplicación orzamentaria que de seguido se relaciona:

APLICACION ORZAMENTARIA	COSTE DE 2 MESES DE 2025	PROXECTO
342-22700	27.519,29	FUNDACION DE DEPORTES
TOTAL	27.519,29	

PRP2025/3700

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o día 4 de agosto de 2025, aprobáronse os pregos de cláusulas administrativas e os seus anexos, autorizouse o gasto e dispúxose a apertura do procedemento de adxudicación do contrato de obras de Plan de asfaltado de viais municipais 2025. CT 47/2025-e

Durante o prazo de presentación de ofertas concorreron os seguintes licitadores: CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L., CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U., CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.

Os licitadores do contrato de obra de referencia presentaron as ofertas que a seguir se indican:

LICITADOR	Oferta económica sen IVE	Mellora: aumento do prazo de garantía	Mellora: redución do prazo de execución en 1 mes
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	258.800,00 €	Sí (4 años)	Sí
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	243.845,12 €	Sí (4 años)	Sí
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	258.767,72 €	Sí (4 años)	Sí
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	236.411,15 €	Sí (4 años)	Sí
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	236.875,77 €	Sí (4 años)	Sí

Previa emisión dos informes técnicos oportunos e aplicados os criterios de adxudicación previstos nos pregos que rexen a licitación, resulta a seguinte valoración:

LICITADOR	Oferta económica sen IVE	Puntos oferta económica	Puntos mellora: aumento do prazo de garantía	Puntos mellora: redución do prazo de execución en 1 mes	TOTAL PUNTOS
Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	236.411,15 €	20	40	40	100 (Proposta de adxudicación)
Oresa Construcción y Servicios Globales, S.L.	236.875,77 €	19,75	40	40	99,75
Construcciones Fечи, S.L.U.	243.845,12 €	15,97	40	40	95,97
Construcciones, Obras y Viales, S.A.	258.767,72 €	7,88	40	40	87,88
Construcciones Calvedergazo, S.L.	258.800,00 €	7,86	40	40	87,86

De acordo á avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos

licitadores nas diferentes fases:

Orde: 1NIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
Proposto para a adxudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 100

Total puntuación: 100

Orde: 2NIF: B36494185 ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 99.75

Total puntuación: 99.75

Orde: 3NIF: B36258861 CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 95.97

Total puntuación: 95.97

Orde: 4NIF: A36008886 CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 87.88

Total puntuación: 87.88

Orde: 5NIF: B36133916 CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 87.86

Total puntuación: 87.86

Visto o que antecede, e téndose completado o expediente de contratación e incorporada ao expediente a documentación á que fai referencia o artigo 150.2 da LCSP, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato de obra denominado “Plan de asfaltado de viais municipais 2025”, cun orzamento de licitación de 273.307,69€ (sen IVE); 330.702,30€ (con IVE) á empresa con NIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., de conformidade coa súa oferta, por ser esta a oferta con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación, con cargo á aplicación orzamentaria 1530-61900.

A oferta do licitador é a seguinte:

- Prezo ofertado: 236.411,15€ (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 49.646,34€, o que totaliza un importe de 286.057,49€ (IVE incluído).

- Melloras:

- Mellora: aumento do prazo de garantía en 4 anos, o que supón unha garantía total de 5 anos.
- Mellora: redución do prazo de execución en 1 mes (prazo de execución resultante: 2 meses).

2.- Nomear ao enxeñeiro técnico municipal, don Óscar Álvarez González, como director de obra e coordinador de seguridade e saúde do investimento denominado CT 47/2025-e “Plan de asfaltado de viais municipais 2025”.

PRP2025/3703

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o día 14 de xullo de 2025, aprobáronse os pregos de cláusulas administrativas e os seus anexos, autorizouse o gasto e dispúxose a apertura do procedemento de adxudicación do contrato de obras de Ampliación de saneamento e abastecemento na rúa Muíños de Cea. CT 81/2024-e

Durante o prazo de presentación de ofertas concorreron os seguintes licitadores: CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L., CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U., CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), EXCAV.Y CONST.LAUREANO COVELO, SA, MONCOSA OHS, S.A., MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., NAROM SL, NEMESIO ORDOÑEZ, S.A. e SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL.

Os licitadores do contrato de obra de referencia presentaron as ofertas que a seguir se indican:

LICITADOR	Oferta económica sen IVE	MELLORA: incremento do prazo de garantía	MELLORA da documentación técnica a presentar unha vez finalizada a execución dos traballos
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	66.800,00 €	SÍ (3 AÑOS)	SÍ
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	71.102,85 €	SÍ (3 AÑOS)	SÍ
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	64.994,35 €	SÍ (3 AÑOS)	SÍ
EXCAV.Y CONST.LAUREANO COVELO, SA	69.934,60 €	SÍ (3 AÑOS)	SÍ
MONCOSA OHS, S.A.	71.393,00 €	SÍ (3 AÑOS)	SÍ
MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	66.414,57 €	SÍ (3 AÑOS)	SÍ
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	68.598,36 €	SÍ (3 AÑOS)	SÍ
NAROM SL	73.469,88 €	SÍ (3 AÑOS)	SÍ
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	73.049,93 €	SÍ (3 AÑOS)	SÍ
SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO,SL	68.980,14 €	SÍ (3 AÑOS)	SÍ

De acordo con os cálculos efectuados, resulta que, de conformidade co establecido na cláusula 12.2 dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen a licitación, a oferta presentada pola mercantil Construcciones, Obras y Viales, S.A. (COVSA) é un -6,45% inferior á media aritmética das ofertas presentadas.

A mesa de contratación acorda que se requira ás licitador Construcciones, Obras y Viales, S.A. (COVSA) cuxa oferta se atopa incurso en presunción de anormalidade, para os efectos de que xustifiquen e desagreguen razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, ou de custos, ou calquera outro parámetro en base ao cal se definiu a anormalidade das ofertas, mediante a presentación daquela información e documentos que resulten pertinentes para estes efectos.

De conformidade co informe técnico do Enxeñeiro Técnico Municipal e en base ao contido do mesmo, a mesa de contratación propón ao órgano de contratación a desestimación da xustificación presentada pola empresa CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES SA e a súa consecuente exclusión na clasificación das ofertas.

Previa emisión dos informes técnicos oportunos e aplicados os criterios de adxudicación previstos nos pregos que rexen a licitación, resulta a seguinte valoración:

Licitador	Oferta económica (sen IVE)	Puntuación oferta económica	Mellora: aumento prazo garantía	Mellora documentación técnica	Puntuación total
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	64.994,35 €	30	30	40	100 (Proposto para exclusión)
MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	66.414,57 €	26,25	30	40	96,25 (Proposto para adxudicación)
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	66.800,00 €	25,23	30	40	95,23
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	68.598,36 €	20,48	30	40	90,48
SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL	68.980,14 €	19,48	30	40	89,48
EXCAV.Y CONST.LAUREANO COVELO, SA	69.934,60 €	16,96	30	40	86,96
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	71.102,85 €	13,86	30	40	83,86
MONCOSA OHS, S.A.	71.393,00 €	13,10	30	40	83,10
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	73.049,93 €	8,73	30	40	78,73
NAROM SL	73.469,88 €	7,62	30	40	77,62

De acordo á avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

Orde: 1NIF: A36008886 CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA). Proposto para exclusión

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 100

Total puntuación: 100

Orde: 2NIF: B36130649 MONTAJES J.M. IGLESIAS,S.L. Proposto para a adxudicación

Total criterios CJV:
Total criterios CAF: 96.25
Total puntuación: 96.25
Orde: 3NIF: B36133916 CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
Total criterios CJV:
Total criterios CAF: 95.23
Total puntuación: 95.23
Orde: 4NIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
Total criterios CJV:
Total criterios CAF: 90.48
Total puntuación: 90.48
Orde: 5NIF: B27815182 SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL
Total criterios CJV:
Total criterios CAF: 89.48
Total puntuación: 89.48
Orde: 6NIF: A36029239 EXCAV.Y CONST.LAUREANO COVELO, SA
Total criterios CJV:
Total criterios CAF: 86.96
Total puntuación: 86.96
Orde: 7NIF: B36258861 CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
Total criterios CJV:
Total criterios CAF: 83.86
Total puntuación: 83.86
Orde: 8NIF: A15050958 MONCOSA OHS, S.A.
Total criterios CJV:
Total criterios CAF: 83.1
Total puntuación: 83.1
Orde: 9NIF: A15146608 NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.
Total criterios CJV:
Total criterios CAF: 78.73
Total puntuación: 78.73
Orde: 10NIF: B36163418 NAROM SL
Total criterios CJV:
Total criterios CAF: 77.62
Total puntuación: 77.62

Visto o que antecede, e téndose completado o expediente de contratación e incorporada ao expediente a documentación á que fai referencia o artigo 150.2 da LCSP, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- A exclusión da licitación da empresa CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES SA, de acordo co informe emitido sobre a baixa anormal ou desproporcionada na que incorría a súa oferta.
2.- Adxudicar o contrato de obra denominado “Ampliación de saneamento e abastecemento na rúa Muíños de Cea”, cofinanciado pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025, cun orzamento de licitación de 76.356,15 € (sen IVE); 92.390,94 € (con IVE), á empresa con NIF: B36130649 MONTAJES J.M. IGLESIAS,S.L., de conformidade coa súa oferta, por ser esta a oferta con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación, con cargo á aplicación orzamentaria 160-60900.

A oferta do licitador é a seguinte:

- Prezo ofertado: 66.414,57€ (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 13.947,06€, o que totaliza un importe de 80.361,63€ (IVE incluído).

- Melloras:

- Mellora: aumento do prazo de garantía.
- Mellora: documentación técnica a presentar tras a execución dos traballos.

3.- Nomear ao enxeñeiro técnico municipal, don Óscar Álvarez González, como director de obra e coordinador de seguridade e saúde do investimento denominado CT 81/2024-e “Ampliación de

saneamento e abastecemento na rúa Muíños de Cea”.

PRP2025/3704

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o día 23 de xuño de 2025, aprobáronse os pregos de cláusulas administrativas e os seus anexos, autorizouse o gasto e dispúxose a apertura do procedemento de adxudicación do contrato de obras de Mellora do firme na rúa Fontecarmoa e travesías Rosalía de Castro. CT 37/2025-e

Durante o prazo de presentación de ofertas concorreron os seguintes licitadores: CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U., CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), CONSTRUCCIONES VALE, S.L., MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. y ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.

Os licitadores do contrato de obra de referencia presentaron as ofertas que a seguir se indican:

LICITADOR	Oferta económica sen IVE	MELLORA: incremento do prazo de garantía	MELLORA de tipo medioambiental: mellora das tapas de rexistro
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	48.212,87€	SÍ (3 AÑOS)	SÍ
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	47.939,65€	SÍ (3 AÑOS)	SÍ
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	49.553,66 €	SÍ (3 AÑOS)	SÍ
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	49.078,06 €	SÍ (3 AÑOS)	SÍ
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	47.028,93€	SÍ (3 AÑOS)	SÍ

De acordo con os cálculos efectuados, resulta que, de conformidade co establecido na cláusula 12.2 dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen a licitación, a oferta presentada pola Mercantil Oresa Construcciones y Servicios Globales, S.L. é un 2,76% inferior á media aritmética das ofertas presentadas

A mesa de contratación acorda que se requira ao licitador Oresa Construcciones y Servicios Globales SL cuxa oferta se atopa incurso en presunción de anormalidade, para os efectos de que xustifiquen e desagreguen razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, ou de custos, ou calquera outro parámetro en base ao cal se definiu a anormalidade das ofertas, mediante a presentación daquela información e documentos que resulten pertinentes para estes efectos.

De conformidade co informe técnico do Enxeñeiro Técnico Municipal e en base ao contido do mesmo, a mesa de contratación propón ao órgano de contratación a desestimación da xustificación presentada pola empresa ORESA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS GLOBALES SL e a súa consecuenta exclusión na clasificación das ofertas.

